

Vespa Velutina

UN INIMIGO DE TODOS



COLABORA ATOPANDO OS NIÑOS DE VESPA



- Estes niños son os primeiros que fai a raíña.
- Soen estar en alpendres, galpóns, aleiros casas, garaxes, aleiros de tellados...
- Son pequenos, as medidas son +-4cm de ancho por 6 de alto.
- Se podedes deixalos e matar só a raíña mellor, porque virán outras e serve de trampa atraínte. Se os sacades podedes utilizar os restos de niño para atraínte nas trampas.
- Se non sabes como actuar chama ao 012.

COLABORA POÑENDO TRAMPAS

A importancia do trampeo de raíñas en primavera

É o xeito máis doado de loitar contra ela. Cada raíña menos é un niño menos e, polo menos, 20.000 obreiras de velutina menos. Dende finais de febreiro/ inicio de marzo ata xuño.

Tipos de trampas



Achegamos unha idea.
Máis información na nosa web:
apicoladegalicia.es

Onde colocar as trampas

Situaranse a unha altura de 1.5 metros en:

- Un radio de 150-200m dos niños do ciclo anterior .
- Árbores en flor: camelias, plantas ornamentais en flor, froiteiras..
- Árbores que poidan ter pole ou pulgón: por exemplo o salgueiro.
- Nas proximidades dos galpóns onde se garde o material do apicultor

Líquidos caseiros para as trampas

Sustitución do líquido cada 2-3 semanas:

- Auga quente (1L) + mel (1/2L)+ vinagre (1culler sopa) + alcohol(2culleres sopa)
- Cervexa negra (1vaso) + viño blanco(1vaso) + azucre ou mel (1culler postre)
- Cadros vellos de cera queentados en auga ou a auga de derreter cera .
- 1 vaso de viño branco + 1 cullerada de sirope de arándanos.